

Creación: Anxo Angueira

Kuntur Wasi

Aparecérasenos san paulo
coa súa carta ós corintios
e co amor
merda prá caridade
ou era san pablo
unha aldea
aló en catamarca
na cajamarca de dieste non
nin na do condanado ramires
non e non
nosoutros non temos xeografía
prá casa do cóndor
ayacucho bagua
e de chiclayo a arequipa
que é un río de mouchos
por mármore violáceo
fósiles de ameixa
que veñen coas irmás que son xa mortas
pratos de espirais cuzco
postais de picariños
xerseis de la incaica
de la de non me acorda
pero sobre todo
a liberación
a nosa epistolar
por que por que por que?

vía pontevedra e sor lucía
deica tui e o xardín en que xaces
cantándolle ós muíños
coma pura
de la de llama
deica lisboa falamos portugués



e voaches máis alá
allur dos mosteiros ta bom
toda liberación anda exclaustada
das cartas cheas de camiños poirentos
de mans cavando nas rúas
para que houbese auga na casa do indio

un día tamén chegou o kuntur wasi
viña con mans facendo o lume
e cocíñas sen sombra
comedor de perola con ferruxe
escola á intemperie
o noso pan de ttantta

teño aquel fume gardado
maría
e mailas derradeiras palabras
fe e joder
que puxeche no xogo do sudario
até sempre e rías mentres rías
farei comunidade con esas mans
e gardo tamén o fume do pitillo de papá
aquel da batalla do ebro
da conxelación e da metralla
e tal e tal e os rojos
por iso era antifascista
que ti me entregaches
cando me mirabas e me dicías
estábache esperando
estábache esperando
por que maría por que?
por que non quero ir xa ó kuntur wasi
contigo e aquel fume de curral
liberación e as citas de cardenal
ernesto e máis aínda de pere casaldáliga?



escoita agora ti cona de monxa
e boh total non é cona de monxa
este poema
e abaixa os ollos
e as orellas quechuas
da vergonza do pai taytay
torradas ó rei sol da neve andina
por que por que por que?
por que maria por que?

insensata non abanees máis
a gamela da praia da torre de Chariño
equilibrada
que se derruba e nos afogas lercha
mentres te rías de nosoutros
rompe a perna na porta da adega
eskorrega outra vez e outra no curral
cargada de toxiños secos
para a cociña aimara
túa nai non se acorda
está acolá embaixo en bos aires
por aquí todos ben presentemente
a pícara non vai para lava no río
vai apañar
estábache esperando
e rompe a perna e vai ó viño
mentres matan de novo ellacuría
cava na rúa co indíxena
coa muller coas estampas
do máis alá de kuntur wasi
fe e joder
aturuxa aturuxa
aturuxade todos na corredeira da soutela
na horta das cabanas
nos serán públicos do souto



en calquera das vosas
extintas cerimoniais campesinas
deica logo

xa non me lembrás
son eu
o espectro de camilo torres anda
rompe a perna emboscado
se xesús vivise
e vive
carallo pró sendero luminoso
son eu que veño á cita
con flores de azafrán
que me dá todo o monte caldebarcas
prós teus oficios
co millo que vai e vén
de laíño até mesmo o kuntur wasi
entre camiñiños entre o millo
de rega e de follaco e de resteba
prás gloriosas alboradas
que ti e mais eu sabemos
que só se dan coas noites nh
nos leitos de casulo de lestrove
tralo meda e o miranda mazaroca
velaí o teu íntimo rei sol
unha frol de cabazo da albariña
por que por que por que?
por que, maría, por que?
por que estámo-los dous
sempre en todo todo
da mesma banda?
espérame no kuntur wasi
non irei endexamais ó kuntur wasi.



Anxo Angueira (Manselle, 1961)
Profesor e escritor, como poeta ten publicados catro libros de poemas. Kuntur Wasi é un poema inédito, unha sentida elegía pola morte da súa irmá.